



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro de 2021), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **..2.. pais/nais**, dun total de **...5...** que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 16 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do citado día 15 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 15 de novembro, ás 12'30 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Dirección do Centro, que exercerá a presidencia, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 19 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.


7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 22 de novembro, de 09:30 a 15:30 horas**. A MESA ELECTORAL será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:15 horas.


8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **2 nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. Ovoto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Teixeiro 4 de novembro de 2021.  
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA  
ELECTORAL,  
Asdo. 



## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro de 2021), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORES**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **5 mestres**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.

2.- O censo electoral de mestres está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 4/11/2021 ao 11/11/2021. A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos.

6.- O voto será directo, secreto e non delegable.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o día **15 ás 17:00 horas**.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 4 de novembro

de 2021

A DIRECTORA CENTRO  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo

